



FAQ sobre Chromebook e licenzas dixitais

Que é unha licenza dixital?

A licenza dixital é un código que che permite acceder aos contidos do libro desde calquera dispositivo entrando na páxina oficial da editorial.

Que é un Chromebook?

Son ordenadores persoais con pantalla táctil (ou non) a modo de tableta e con teclado que utilizan como sistema operativo Chrome OS desenvolvido por Google e que, a diferenza de Windows OS, Apple e Linux, están pensados para empregarse permanentemente conectados a Internet, xa que se basean case por completo na nube.

O Chromebook está pensado especialmente para o uso de Google Apps para educación, unha suite gratuíta de aplicacións en liña que inclúe procesadores de texto, Gmail, Calendario, Fotos, Classroom para a xestión da aula e Keep para tomar notas, entre outras moitas. Google Apps permite crear e compartir contidos e acceder a actividades, ademais de destacar por simplificar a comunicación entre estudantes, profesorado e familias e pola súa seguridade.

Que vantaxes ten este dispositivo fronte a outros?

Unha das grandes vantaxes, como consecuencia dun disco duro lixeiro, é que podes acender o portátil e iniciar sesión nuns 7 segundos. O profesor/a elimina ese tempo de espera de acendido do dispositivo ou no caso de que xurda un problema técnico a un alumno/a e necesite reiniciar o ordenador.

A duración da batería maior que os portátiles.

Seguridade: Os Chromebooks poden rexistrarse baixo o dominio do centro educativo. Todas estas funcións de seguridade quedan rexistradas no Chromebook aínda que o alumno/a o utilice na casa, de maneira que se axuda ás familias e ao profesorado a manter un control parental no uso de Internet.

As dimensións son as axeitadas para poder utilizalo nun pupitre ao mesmo tempo que un caderno ou archivador.

É obrigatorio o uso de Chromebook?

Non é obrigatorio pero si recomendable, xa que o noso proxecto pedagóxico, como escola salesiana, aposta pola innovación e as novas metodoloxías. Agora ben, **as familias que opten por dispositivo electrónico deberán ser un Chromebook**. Deste xeito, só o alumnado que empregue outros dispositivos como PCs ou tablets en cursos superiores poderá seguir empregándoos. (a extinguir).

Poden comprarse as licenzas dixitais se me acollo ao “fondo de libros”?

Si, pero as licenzas dixitais non están subvencionadas pola Xunta de Galicia por agora.

Canto duran as licenzas e os Chromebooks?

As licenzas dixitais son anuais e os Chromebooks que ofrecemos desde o centro teñen unha garantía de 4 anos aínda que a súa duración é maior cun uso responsable do mesmo.

Que vantaxes ten comprar os dispositivos ofrecidos dende o centro?

Desde o centro vemos necesario propoñervos unha opción de compra, xa que moitas familias nos solicitaron a nosa axuda para a compra dos dispositivos ao descoñecer o produto ou non estar familiarizados con este tipo de compras.

As vantaxes de comprar os dispositivos que ofrecemos serían as seguintes:

- Catro modalidades de compra: en tenda, por correo, en liña ou por teléfono.
- Unha persoa da tenda estaría á vosa disposición para axudarvos coa compra e resolver todas as dúbidas.
- Ampliación de garantía ata 4 anos con seguro multiriscos que inclúe líquidos, danos accidentais e rotura de pantalla.
- Servizo técnico con servizo de botiquín para non quedarvos sen dispositivo mentres o reparan.
- Financiamento ata 24 meses sen intereses. (consultar en tenda)
- Inclúe canon e licenza Google Education



Como comprar un dispositivo?

Para comprar un dispositivo temos catro modalidades:

- De forma presencial, **na tenda de Media Markt de As Termas**. Estarán á vosa disposición David Lage e Carlos Cabarcos para atendervos e resolver todas as vuestras dúbidas.
- Por correo electrónico na dirección, b2b.galicianorte@mediarkt.es. Debe indicarse nome do comprador, o modelo de Chromebook elixido, o nome do colexio e número de teléfono.
- A través da páxina web.
- **Por teléfono** no número 981 147 101 de luns a venres.

Todos os equipos xestiónanse desde a tenda de Lugo ao 100% para facilitar as xestións ás familias.

É posible o pago por transferencia en calquera das modalidades de compra.

Tamén está dispoñible un financiamento de ata 24 meses sen intereses. Única e exclusiva para esta oferta educativa. Tramitase directamente na tenda Media Markt As Termas.

Que dispositivos ofrecemos?

Ofrécense dous tipos de dispositivos:

- Chromebook HP 5R1V2ES non táctil **399€**
- Chromebook HP 5R234ES táctil 360..... **425€**

Este paquete educativo inclúe: equipo, licenza de Google educativa, protección durante 4 anos ante accidentes, roturas e avarías, servizo de botiquín directamente no colexio.

Cando se pode comprar o dispositivo?

Os dispositivos pódense comprar desde hoxe mesmo. Poderanse recoller na tenda Media Markt desde o mesmo momento da súa compra ou no colexio a partir do 28 de agosto.

Como comprar as licencias dixitais?

As licenzas dixitais poden reservarse na administración do colexio a partir do 24 de xuño. O pago pódese realizar en efectivo ou con domiciliación bancaria.

(*) Estamos pendentes de confirmar os prezos das licenzas coas editoriais. Os prezos do curso pasado foron de 110€ para a etapa de Primaria e 130€ para a ESO.



Fdo.: José Luis Gallego Fortes

Director